

## Gasto dos non residentes en Galicia. Terceiro trimestre de 2009

### NOTA DE PRENSA

#### No terceiro trimestre de 2009 os viaxeiros non residentes que se aloxaron en establecementos hoteleiros galegos gastaron de media 112,5 euros por persoa e día

Segundo os datos da operación estatística "Gasto dos non residentes en Galicia", elaborada polo Instituto Galego de Estatística, os viaxeiros non residentes en Galicia que no terceiro trimestre de 2009 se aloxaron nalgún establecemento hoteleiro de Galicia gastaron de media 112,5 euros por persoa e día na nosa comunidade, cun gasto total de 266,0 millóns de euros, o que supón arredor do 1,8% do Produto Interior Bruto trimestral a prezos correntes de Galicia. As maiores partidas de gasto destináronse ao aloxamento (37,4% do total de gasto) e a restaurantes (29,4%).

#### Gasto dos non residentes segundo o concepto de gasto. Galicia. Terceiro trimestre de 2009

Concepto	Gasto total (miles de euros)	Distribución porcentual do gasto (%)
<b>Total</b>	<b>265.951</b>	<b>100%</b>
Paquete turístico	7.603	2,9%
Aloxamento	99.476	37,4%
Restaurantes	78.119	29,4%
Comida comercios	5.186	1,9%
Desprazamentos	24.798	9,3%
Agasallos	27.125	10,2%
Ocio	19.290	7,3%
Outros	4.354	1,6%

Fonte: IGE. Gasto dos non residentes en Galicia

Nota: Datos provisionais

#### Datos por provincia

Os viaxeiros non residentes aloxados en establecementos hoteleiros da provincia da Coruña gastaron arredor de 118 millóns de euros, o que supón o 44,4% do gasto total dos non residentes. A continuación atópanse os viaxeiros aloxados en Pontevedra que contribuíron co 42,7% do total do gasto.

No tocante ao gasto diario medio por viaxeiro, o máis alto deuse na provincia da Coruña (124,4 euros) e o máis baixo en Lugo (98,8 euros).



**Gasto dos non residentes segundo a provincia do establecemento. Terceiro trimestre de 2009**

Provincia do establecemento	Gasto total		Gasto diario medio por persoa (euros)
	Miles de euros	Distribución porcentual (%)	
<b>Galicia</b>	<b>265.951</b>	<b>100,0</b>	<b>112,5</b>
A Coruña	118.196	44,4	124,4
Lugo	22.997	8,6	98,8
Ourense	11.130	4,2	124,2
Pontevedra	113.628	42,7	104,1

Fonte: IGE. Gasto dos non residentes en Galicia

Nota: Datos provisionais

**Datos por categoría**

O 35,6% do gasto total dos non residentes en Galicia procede de viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros de 4 estrelas. Os establecementos de 1 e 2 estrelas supoñen o 34,1%, os de 3 estrelas o 22,6% e o 7,8% restante corresponde a viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros de 5 estrelas.

En canto ao gasto diario medio por persoa o máis elevado correspondeu aos establecementos hoteleiros de 5 estrelas (202,4 euros), mentres que nos establecementos de menor categoría (1 e 2 estrelas) este gasto foi de 87,9 euros.

**Gasto dos non residentes segundo a categoría do establecemento. Galicia. Terceiro trimestre de 2009**

Categoría do establecemento	Gasto total		Gasto diario medio por persoa (euros)
	Miles de euros	Distribución porcentual (%)	
<b>Total</b>	<b>265.951</b>	<b>100,0</b>	<b>112,5</b>
1 e 2 estrelas	90.622	34,1	87,9
3 estrelas	60.125	22,6	103,8
4 estrelas	94.548	35,6	145,0
5 estrelas	20.656	7,8	202,4

Fonte: IGE. Gasto dos non residentes en Galicia

Nota: Datos provisionais

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

[http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met\\_turismo\\_gasto\\_non\\_residentes\\_gl.pdf](http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_turismo_gasto_non_residentes_gl.pdf)

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística  
Complejo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>  
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>